



CONCELLO DE

CALDAS DE REIS

BASES XERAIS POLAS QUE SE ESTABLECEN AS NORMAS PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL CON CARÁCTER TEMPORAL PARA AS BRIGADAS FORESTAIS 2018

1. OBXECTO.

Estas bases teñen como finalidade regular o procedemento que se aplicará na selección de 5 traballadores nas seguintes categorías: 1 CAPATAZ FORESTAL, 1 PEÓN CONDUTOR e 3 PEÓNS FORESTAIS.

As bases publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello de Caldas de Reis e na sede electrónica do concello <https://caldasdereis.sedelectronica.gal>.

2. RELACIÓN XURÍDICA DOS TRABALLADORES CO CONCELLO DE CALDAS DE REIS.

Os contratos de traballo terán carácter temporal, cunha duración de 3 meses e a xornada completa, en quenda de mañá, tarde e noite.

As retribucións mensuais serán para CAPATAZ 956,51€/salario bruto; PEÓN-CONDUCTOR: 868,82€/salario bruto; e PEÓN FORESTAL 814,02€/salario bruto, segundo Resolución do 13 de junio da Dirección Xeral de Emprego. Acordo Marco do ámbito Estatal para o Sector de Actividades Forestais. Publicado no BOE do 22 de xuño de 2016)

3. ASPIRANTES QUE PODEN PRESENTARSE.

O proceso iniciarase exclusivamente, coa tramitación da oferta de emprego ante o Servizo Público de Emprego de Galicia, unha vez recibido o Convenio de Colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local de Caldas de Reis para a participación na prevención e defensa contra os incendios forestais. O número de prazas a ofertar será nas categorías de: 1 CAPATAZ FORESTAL, 1 PEÓN CONDUTOR E 3 PEÓNS FORESTAIS.

A Oficina Pública de Emprego comunicará aos candidatos o lugar, día e hora no que deberán presentarse para a posterior entrega da documentación requirida no artigo 5 de ditas bases, para o que disporán dun prazo de 3 días hábiles.

4. REQUISITOS ESPECÍFICOS DOS ASPIRANTES.

Os aspirantes terán superado os estudos de:

Número traballadores	OCUPACIÓN	TITULACIÓN
----------------------	-----------	------------

1	CAPATAZ FORESTAL	Enxeñeiro de Montes, Enxeñeiro Técnico Forestal, Técnico Superior en Xestión e Organización de recursos naturais e paisaxísticos, Técnico en traballos forestais e conservación do medio natural ou formación profesional equivalente. Ademais terá o carné de conducir B.
1	PEÓN CONDUTOR	No se esixe titulación específica Carné de conducir B.
3	PEÓNS FORESTAIS	No se esixe titulación específica

Os aspirantes que non reúnan os reúnan os requisitos esixidos serán declarados excluídos do proceso selectivo.

5. REQUISITOS XERAIS DOS ASPIRANTES E PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.

As persoas remitidas pola Oficina de Emprego deberán presentar no Rexistro Xeral do Concello de Caldas de Reis no prazo de 3 días hábiles, a seguinte documentación con carácter previo á realización da proba práctica:

- a) Fotocopia do DNI.
- b) Fotocopia do título esixido dos estudos realizados.
- c) Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social.
- d) Fotocopia da tarxeta de demandante de emprego.
- e) Fotocopia do carné de conducir.
- f) Certificado médico de estar apto para a realización da proba de aptitude física.
- g) Fotocopia dos méritos que alegue o candidato.
- h) Declaración xurada de non ter sido separado do servizo das administracións públicas e non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- i) Autorización ao Concello de Caldas de Reis para comprobar ou verificar os datos achegados nos apartados anteriores.

Debido a urxencia da contratación, no caso de que a documentación non se presente directamente no rexistro do Concello, o interesado deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos (para este suposto), ou o selo de entrada (para o caso de presentarse no rexistro doutra Administración, cando isto resulte admisible) e, ao mesmo tempo, debe anunciar ao Concello a remisión da súa solicitude mediante fax o mesmo día. Sen a concorrencia de ambos requisitos non será admitida a solicitude se é recibida con posterioridade á data de terminación do prazo de presentación de instancias (Número de fax 986530393).

6. TRIBUNAL DE SELECCIÓN.

O Tribunal de selección estará integrado polos seguintes membros: Presidente/a, 2 Vogais e Secretario/a

Os membros do Tribunal terán voz e voto, excepto o secretario que terá voz, mais non voto.

Non poderán formar parte dos Tribunais o persoal de elección ou designación política, os funcionarios interinos ou persoal eventual.

O nomeamento dos membros que constituirán o Tribunal Cualificador, realizarase por Decreto do Alcalde- Presidente, debendo posuír, en calquera caso, titulación ou especializacións iguais ou superiores as esixidas para o acceso a función convocada.

Todos eles deberán estar adscritos a un posto de traballo que requira igual ao maior nivel de titulación esixido para cada un dos postos de traballo. A composición do tribunal exporase no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do concello <https://caldasdereis.sedelectronica.gal>., con dous días mínimos de antelación.

Os membros do tribunal cualificador deberán absterse cando concorra algunha das circunstancias previstas no art. 23 da Lei 40/2015 de 1 outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Os aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando se dea algunha das circunstancias previstas no artigo 24 da Lei 40/2015, de 1 outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

7. INCORPORACIÓN DE ASESORES E PERSOAL DE COLABORACIÓN.

O Tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores naquelas probas que demanden oír a opinión de técnicos especialistas, así como de colaboradores.

8. CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL.

O tribunal non poderá constituírse e actuar, sen a presenza, cando menos da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes sendo preciso en todo caso, a asistencia do Presidente/a do Tribunal e do Secretario/a.

9. SISTEMA DE SELECCIÓN.

O sistema de selección consistirá na realización dunha proba de aptitude física, proba práctica, valoración de méritos e unha entrevista. A data, hora e lugar da proba práctica e entrevista fixarase por resolución da Alcaldía, que se publicará no Taboleiro de

Anuncios da Entidade e na sede electrónica do concello <https://caldasdereis.sedelectronica.gal>.

Os aspirantes deberán acudir provistos do D.N.I, e serán convocados en chamamento único e a súa non presentación no momento de ser chamado suporá a súa exclusión do proceso selectivo, agás nos casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciadas polo Tribunal.

10. PROBA DE APTITUDE FÍSICA.

Realizarase a proba do banco, coa cualificación de apto ou non apto, considerase APTO todo aquel aspirante que acade unha capacidade aeróbica entre 40 e 45 e considerárase NON APTO para extinción de incendios forestais aqueles aspirantes que teñan unha capacidade aeróbica menor de 40, de acordo ao establecido polos responsables da realización da proba.

11. PROBA PRÁCTICA.

Consistirá nunha proba de carácter práctico adaptada ás funcións a desenvolver, e que terá carácter de obrigatorio e eliminatorio.

Dita proba valorarase de 0 a 10 puntos, sendo a puntuación mínima para aprobar 5 puntos.

Para a súa valoración terase en conta as habilidades e destreza na execución, así como o resultado final. O tempo para a realización da proba será fixado polo Tribunal.

12. VALORACIÓN DE MÉRITOS.

1.1 EXPERIENCIA PROFESIONAL. (MÁXIMO 5 PUNTOS)

Por cada mes completo de servizos prestados na Administración Pública ou en empresas do sector público, na mesma categoría profesional: 0,20 puntos por mes completo.

Estes servizos deberán acreditarse conxuntamente por medio de certificado laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social e coa copia dos contratos de traballo. Dita acreditación documental poderá substituírse mediante certificación expedida pola Administración ou ente público correspondente, na que conste o posto de traballo desempeñado, a modalidade de contratación, xornada e tempo de duración do contrato.

1.2 FORMACIÓN COMPLEMENTARIA (MÁXIMO 3 PUNTOS)

- Cursos específicos en materia de “Prevención e Defensa contra Incendios Forestais”, que se acreditará mediante certificado ou diploma expedido por entidade ou empresa que realice formación da materia: 0,5 puntos por cada 10 horas lectivas ata un máximo de 2 puntos.



CONCELLO DE

CALDAS DE REIS

- Curso específico de prevención de “Riscos Laborais en materia de extinción de incendios” (soamente se valora o curso) que se acreditará mediante certificado ou diploma expedido por entidade ou empresa que realice formación na materia: 1 punto.

A puntuación final virá determinada pola suma da puntuación obtidas na proba práctica e na valoración de méritos.

No caso de empate na puntuación final os aspirantes empatados terán que realizar unha entrevista para desempatar.

13. ENTREVISTA. (MÁXIMO 2 PUNTOS)

Consistirá nunha entrevista persoal dirixida a apreciar a adecuación entre os méritos dos aspirantes e o perfil do traballo a ocupar. Versará sobre os méritos específicos axeitados ás características do posto.

A data, hora e lugar da entrevista fixarase por resolución da Alcaldía. Os aspirantes deberán acudir provistos do D.N.I.

14. CUALIFICACIÓN FINAL.

A cualificación final virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na proba práctica, valoración de méritos xunto coa entrevista, establecendo para estes efectos a orde definitiva de aspirantes seleccionados.

15. PROPOSTA DE SELECCIÓN.

O/a presidente/a do Tribunal, á vista da lista de aspirantes seleccionados, formulará proposta de selección ante o Alcalde-Presidente do Concello, sen que esta poida superar o número de postos. A devandita proposta publicarase no Taboleiro de Anuncios e na sede electrónica do concello de Caldas de Reis <https://caldasdereis.sedelectronica.gal>.

As persoas candidatas que superen o proceso selectivo pero non resulten seleccionadas para a súa contratación pasaran a formar parte dunha listaxe, pola súa orde de puntuación, que será utilizada para cubrir as posibles baixas definitivas e tamén as posibles substitucións temporais (incapacidade temporal, maternidade, paternidade...) das persoas candidatas inicialmente seleccionadas e contratadas.

16. RESOLUCIÓN E CONTRATACIÓN.

Á vista da proposta do Tribunal e constatado que os aspirantes acreditaron os requisitos esixidos, o Alcalde- Presidente resolverá o procedemento selectivo, decidindo a contratación.

A non presentación no posto de traballo no día e hora indicados para o comezo da relación laboral, enténdese como renuncia ao posto de traballo salvo causas debidamente xustificadas.

Todos os contratos deben estar formalizados antes do 1 de xullo de 2018, agás os casos excepcionais de substitucións por renuncia.

17. DEREITO SUPLETORIO E XURISDICIÓN.

No non sinalado nas presentes bases, estarase ao establecido na normativa básica sobre selección de persoal ao servizo da Administración Local, Estatuto dos Traballadores e demais normas que resulten de aplicación, estando os órganos competentes da Xurisdición Contencioso-Administrativa para dirimir as controversias que se produzan na aplicación destes

18. RECURSOS.

Contra a resolución, que é definitiva en vía administrativa e pola que se aproban as bases desta convocatoria, poderán os interesados interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o Sr. Alcalde- Presidente do Concello de Caldas de Reis, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á recepción da presente notificación ou recurso contencioso-administrativo, ante o xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses e na forma prevista na Lexislación reguladora da devandita Xurisdición, sen prexuízo de que poida interpor calquera outro que estime procedente.

19. INCIDENCIAS.

O tribunal queda facultado para resolver cantas dúbidas e incidencias poidan xurdir no desenvolvemento do proceso selectivo, en todo o non previsto nas bases, así como para a interpretación das mesmas.

20. TRATAMENTO DE DATOS.

As persoas que presenten as súas solicitudes para este proceso, autorizan con elo, ó tratamento dos seus datos persoais, ao Concello de Caldas de Reis, para tódolos trámites relacionados con este proceso selectivo, debendo dirixirse por escrito, ao Concello de Caldas de Reis, en r/ Ferrería nº 1, para a anulación deste permiso, unha vez que finalice o citado proceso, se así o estiman.

Tódalas comunicacións, avisos e publicacións referentes a este proceso, realizaranse por publicación no taboleiro de anuncios do Concello e na a sede electrónica do concello <https://caldasdereis.sedelectronica.gal>

Caldas de Reis, maio de 2018.

O Alcalde

Juan Manuel Rey Rey

MODELO INSTANCIA

D./D^a _____
maior de idade, en posesión do D.N.I. n^o _____ veciño/a do
Municipio de _____ e con domicilio a efectos de
notificacións na rúa/lugar de _____ n^o _____
piso _____ porta _____ da Parroquia de _____ co
teléfono _____

EXPÓN QUE:

Despois de ser seleccionado pola Oficina de Emprego como aspirante a contratación, en réxime laboral temporal de _____, e para a constitución dunha bolsa de substitutos, para prestar servizos no Concello de Caldas de Reis, autorizo a dito Concello a comprobar ou verificar os datos aportados na documentación que se xunta.

Documentación aportada:

- Fotocopia do DNI.
- Fotocopia tarxeta Seguridade Social.
- Fotocopia tarxeta demandante emprego.
- Fotocopia do carne de conducir.
- Certificado médico de estar apto para a realización da proba de aptitude física.
- Currículo e fotocopia dos méritos que alegue o candidato.
- Declaración xurada de non ter sido separado do servizo das administracións públicas e non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- Autorización ó Concello de Caldas de Reis para comprobar ou verificar os datos aportados nos apartados anteriores.

SOLICITA:

Ser admitido/a no dito proceso, por reunir os requisitos esixidos na convocatoria.

Caldas de Reis, _____ de xuño de 2018.

Concello de Caldas de Reis



CONCELLO DE

CALDAS DE REIS

Sinatura

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE CALDAS DE REIS

Concello de Caldas de Reis

C/ Ferrería, 1, Caldas de Reis. 36650 Pontevedra. Tfno. 986540002. Fax: 986530393



CONCELLO DE

CALDAS DE REIS

D./Dona _____
co DNI nº _____ e con domicilio en
_____.

DECLARO BAIXO XURAMENTO

Non ter sido separado do servizo das administracións públicas e non estar incurso nalguna das causas de incapacidade e incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.

Non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto.

Caldas de Reis, _____ de xuño de 2018.

Asdo.: _____

Concello de Caldas de Reis

C/ Ferrería, 1, Caldas de Reis. 36650 Pontevedra. Tfno. 986540002. Fax: 986530393